

Ti sabes o que significa un dente de león.

Sábelo.

Soubémolo aquela tarde na que descubrimos o noso amor.

Bolboretas brancas revoaban sobre nós

e os teus ollos,

que gardan semellanza coas margaridas entre a herba,

guiaban aos teus beixos naquela rota sobre a miña pel.

os sentimentos planeaban entre a flor do liño

e os nosos corpos,

adolescentes,

sentiron agromar un pracer branco e puro,

sincero,

que paseniñamente se espallou no ar.

E nós,

amorosamente,

sopramos sobre un dente de león.

As rosas frescas flotan na bañeira branca
e ti dormes coma un anxo na auga.

Canto te quero, meu querido...

ámote tanto...

ameite cando te vin chegar con aquel sorriso,
e ameite aquela noite de maio,

tolamente,

cando esfolaches as miñas flores brancas.

¿Por que desexarte tanto...?

Os anceios espállanse neste cuarto,

e as túas pálpebras durmidas ,

lenes,

exhalan salaios que abren coma rosas brancas.

Os arrecendos da miña chegada voan no ar,

suaves plumas...

Espertas.

O sorriso é a túa benvida.

(Quérote tanto...)

Escribo palabras de amor nun libro fusco e pechado.
Avelaíñas castañas revoan sobre os meus ollos e,

os teus beixos,

coma grans de terra seca e agre,
aparecen serodios na miña fríxida pel.

Os ourizos cachos atoparon un niño no meu corazón.

(¿sábelo meu amor?)

e lémbrome de lembranzas que xa foron onte.

Os acios dos teus sorrisos apodrecen outonizos

e os seráns compartidos,

inquedos,

apreixan o derradeiro aloumiño e fan con el un nobelo.

Xa foxe o último esvoazar daquela bolboreta dourada.

O corazón baldeiro ficou quedo e triste e

as estrelas estraviadas nos remuíños nocturnos,

areosos,

percuran outra noite onde aparecen luxuriosas.

O meu nome,

letra a letra,

esváese de vagar entre os nimbos do teu ceo...

Todo foi onte mais,

amante doutra época,

ficou o sensual salaio na furna esquencida,

rodeado de follas pardas.